

Predición Xeral para Galicia

domingo, 22 abril


Última actualización: 22/04/2018 09:00



Mañá*



Tarde*



Noite*

Comentario


Galicia continuará nunha zona de transición entre as altas presións situadas en Azores, que deixarán un réxime de ventos do norte e a borrasca situada ao sur de Portugal que seguirá aportando aire frío en altura e polo tanto, inestabilidade. Así, os ceos estarán anubrados no litoral norte durante toda a xornada. No resto da Comunidade, amenceremos con nubes medias e altas e a partir do mediodía medrarán nubes de evolución que deixarán chuvascos treboentos. As temperaturas mínimas quedaron sen cambios significativos, mentres que as máximas sufrirán lixeiros descensos. Os ventos soprarán frouxos, de dirección variable pola mañá, norte pola tarde.

Temperaturas

	MÍN	MÁX
A Coruña	13 °	17 °
Ferrol	12 °	20 °
Lugo	8 °	22 °
Ourense	10 °	25 °
Pontevedra	12 °	23 °
Santiago de Compostela	11 °	21 °
Vigo	13 °	21 °

Tendencia:  
 MIN MAX


luns, 23 abril



Mañá*



Tarde*



Noite*

Comentario


A pesar de que hai predominio da influencia anticiclónica sobre Galicia, persiste aínda certa inestabilidade atmosférica. Con esta situación, haberá bancos de néboa matinais en zonas de interior, que darán paso a ceos con poucas nubes en xeral, máis anubrados no litoral norte e noroeste. Xa pola tarde medrarán nubes de evolución no interior, que deixarán chuvascos treboentos illados. As temperaturas mínimas estarán en lixeiro descenso, mentres que as máximas non rexistrarán cambios significativos en xeral agás no norte da provincia de Lugo onde teremos un descenso moderado. Os ventos soprarán de compoñente norte, frouxos no interior e moderados na costa, con intervalos fortes no litoral noroeste.

Temperaturas

	MÍN	MÁX
A Coruña	12 °	22 °
Ferrol	12 °	22 °
Lugo	9 °	22 °
Ourense	9 °	27 °
Pontevedra	12 °	27 °
Santiago de Compostela	9 °	24 °
Vigo	12 °	25 °

Tendencia:  
 MIN MAX


martes, 24 abril



Mañá*



Tarde*



Noite*

Comentario


Non se agardan cambios para o martes, polo que de novo no terzo norte predominarán as nubes baixas durante todo o día e no resto da Comunidade amenceremos con bancos de néboa matinais en zonas do interior, que darán paso a ceos despexados. Pola tarde formaranse nubes de evolución con chuvascos treboentos no interior. As temperaturas non experimentarán cambios, ou con lixeiros ascensos. O vento soprará frouxo de compoñente norte, con intervalos de moderado no litoral atlántico.

Temperaturas


	MÍN	MÁX
A Coruña	11 °	20 °
Ferrol	12 °	24 °
Lugo	9 °	24 °
Ourense	11 °	29 °
Pontevedra	13 °	26 °
Santiago de Compostela	10 °	25 °
Vigo	13 °	24 °

Tendencia:  
 MIN MAX


mércores, 25 abril



Mañá*



Tarde*



Noite*

Comentario

Galicia estará durante este día na influencia do anticiclón das Azores, con ventos de nor-nordés. Deste xeito, agárdanse bancos de néboa en zonas de interior, que darán paso a ceos pouco anubrados ou despexados en xeral, con máis nubes no extremo norte. As temperaturas sufrirán un descenso entre moderado e notable. Os ventos soprarán de compoñente norte, moderados en xeral, con intervalos fortes no litoral atlántico.

Temperaturas














	MÍN	MÁX
A Coruña	10 °	16 °
Ferrol	10 °	17 °
Lugo	10 °	17 °
Ourense	8 °	23 °
Pontevedra	11 °	22 °
Santiago de Compostela	9 °	17 °
Vigo	8 °	22 °

Tendencia:  
 MIN MAX

Lenda para o estado do ceo:

										
Despexado	Nubes altas	Nubes e claros	Nubrado	Cuberto	Néboas	Chuvasco	Nubrado con chuvasco	Chuvasco neve	Orballo	Bancos néboa
										
Neve	Treboada	Chuvia	Brétema	Chuvia débil	Chuvascos débiles	Treboada con poucas nubes	Auga neve	Sarabia	Despexado	
										
Nubes altas	Nubes e claros	Brétema	Nubrado	Chuvascos débiles	Treboada con poucas nubes	Chuvasco	Nubrado con chuvasco	Chuvasco neve	Bancos néboa	

Lenda para o vento:

Dirección do vento								Intensidade do vento				
												
N	S	E	O	NE	NO	SE	SO	Calma	Vento feble	Vento moderado	Vento forte	Vento moi forte
Outros								<=5 Km/h	>5 e <=20 Km/h	>20 e <=40 Km/h	>40 e <=70 Km/h	>70 Km/h

VAR Vento feble e dirección variable

Nota:

* Os intervalos horarios:

Mañá: das 7 ás 14 h. en horario de inverno e das 6 ás 14 h. en horario de verán.

Tarde: das 14 ás 20 h. en horario de inverno e das 14 ás 21 h. en horario de verán.

Noite: das 20 ás 7 h. do día seguinte en horario de inverno e das 21 ás 6 h. do día seguinte en horario de verán.